

RESOLUCIÓN REITORAL DE 4 DE XUÑO DE 2021 POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE CARÁCTER FORMATIVO NO CURSO ACADÉMICO 2020/2021

O alumnado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

Para o efectivo exercicio dese dereito a Universidade considera necesario establecer un programa que subvencione total ou parcialmente o custo ocasionado ao alumnado por razón da súa participación en actividades de interese educativo que favorezan a formación integral do alumnado.

Vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, de Universidades* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade*,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, bolsas para a realización de actividades de carácter formativo, que se xestionarán de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 26/05/2020 (DOG 04/06/2020)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

**BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE
ACTIVIDADES DE CARÁCTER FORMATIVO PARA O ALUMNADO DE GRAO E MÁSTER DA
UNIVERSIDADE DE VIGO, 2020/2021****1. OBXECTO**

O obxectivo desta convocatoria é fomentar a participación do alumnado en proxectos e eventos de carácter cultural, científico, de especialización ou perfeccionamiento que complementen a súa formación académica.

Establécense 3 modalidades en función da súa finalidade:

- *Modalidade A: Axudas para a realización de viaxes de interese académico (quedan excluídos os desprazamentos vinculados a prácticas).*
Obxectivo: ofrecer ao alumnado a posibilidade de visitar instalacións, institucións ou localizacións que lles sirvan para adquirir competencias e coñecementos relacionados co ámbito curricular da súa titulación.
- *Modalidade B: Axudas para a participación en congresos, reunións científicas, cursos (excluídos os cursos de idiomas), seminarios, debates e outras actividades de interese académico tanto na modalidade presencial como en liña.*
Obxectivo: fomentar a participación do alumnado en congresos e reunións científicas relacionadas coas súas titulacións.
- *Modalidade C: Axudas para a realización de proxectos de interese académico, de divulgación, de carácter científico ou cultural*
Obxectivo: sufragar os gastos ocasionados pola realización por parte do alumnado de proxectos titorizados polo profesorado.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

2.1. Alumnado matriculado no curso 2020/2021.- Pode solicitar bolsa o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado/a en grao ou mestrado en centros propios, ou en centros adscritos de titularidade pública que imparten titulacións non impartidas en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro).
- b) Estar matriculado dun mínimo de 45 créditos ou do máximo que lle permita a normativa da Universidade de Vigo.
- c) Presentar unha proposta de actividade realizada ou a realizar entre o 1 de setembro de 2020 e o 31 de outubro de 2021, das descritas no punto 1 desta convocatoria. En todo caso a actividade deberá iniciarse antes do 1 de setembro do 2021.
- d) Contar co informe favorable dalgún membro do profesorado da súa titulación.



2.2. Alumnado matriculado no curso 2019/2020. Debido a imposibilidade de realizar a correspondente convocatoria no ano 2020 por mor da declaración do estado de alarma, admitiranse excepcionalmente nesta convocatoria as solicitudes de alumnado matriculado no curso 2019/2020, sempre e cando cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado/a no curso 2019/2020 en grao e mestrado en centros propios ou en centros adscritos de titularidade pública que imparten titulacións non impartidas en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro) no curso 2019/2020.
- b) Estar matriculado dun mínimo de 45 créditos ou do máximo que lle permita a normativa da Universidade de Vigo.
- c) Presentar unha proposta de actividade realizada entre o 1 de setembro de 2019 e o 31 de agosto de 2020, das descritas no punto 1 desta convocatoria.
- d) Contar co informe favorable dalgún membro do profesorado da súa titulación.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. INCOMPATIBILIDADES

As bolsas establecidas nesta convocatoria son incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade. A través desta convocatoria so se poderá subvencionar unha actividade a cada persoa beneficiaria.

Quedan excluídas desta convocatoria as actividades relacionadas coa participación en programas de mobilidade tanto nacional como internacional.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Ley 38/2003 de 17 de novembro, general de subvenciones.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta bolsa irán con cargo á aplicación orzamentaria 2021 0000 121D 482.10 e o importe máximo do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 30.000 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. Adxudicaranse **10.000 €** por modalidade e, de non esgotarse o importe nalgunha das modalidades, este se adxudicará a outra modalidade.

3. A contía individual máxima da bolsa non poderá ser superior a **500 €** e será determinada pola comisión de selección destinándose a cubrir, de xeito total ou parcial os custos derivados da participación na actividade. Está suxeita á retención de IRPF que estableza a normativa vixente nesta materia.

3. O pagamento da bolsa efectuarase unha vez presentada a documentación sinalada no punto 8 desta convocatoria mediante transferencia á conta bancaria indicada polo/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular.



5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán cubrir o **formulario en liña** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/7845, **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (sede.uvigo.gal) a través da Instancia Xenérica (SXER) existente na sede, e por como **asunto** “*Bolsas para a realización de actividades de carácter formativo*”, achegando unicamente o formulario coa solicitude.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes: https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal.

Non se admitirán a trámite aquelas solicitudes que se presenten por outras vías. O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para os interesados neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, se lle requirirá para que a emenda a través da súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que foi realizada a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

2. O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte a publicarse esta convocatoria e rematará o **2 de xullo de 2021**, ás **23:59 horas** (hora peninsular española). A presentación fóra de prazo supoñerá a non admisión a trámite da solicitude.

3. Así mesmo, deberán subir a seguinte documentación ao formulario en liña (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

- A certificación académica oficial dos estudos que lle deron acceso aos estudos de mestrado de telos feitos nunha universidade española distinta a Universidade de Vigo.
- Descrición da actividade para a que solicita a bolsa segundo o modelo do anexo II: detalle da actividade a realizar; lugar de destino; institución ou entidade de destino; duración da actividade; contido e obxectivo formativo da actividade que deberán contar co informe favorable dun/dunha profesor/a da súa titulación.
- O alumnado que accedeu ao mestrado desde estudos cursados en universidades estranxeiras deberá aportar a Declaración de Equivalencia de Nota media solicitada ao *Ministerio de Educación y Formación Profesional* a través do seguinte enlace:

<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-extranjeros/equivalencia-notas-medias.html>

Tamén se lle poderá requirir outros documentos que fosen necesarios para a concesión da axuda.



6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á de publicación para emendar os erros e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o **formulario de alegacións** na secretaría virtual dirixido a Sección de Axudas e Bolsas.

Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

- Calidade do plan de traballo atendendo a súa calidade técnica, interese científico e obxectivos de formación ata 5 puntos
- Relevancia da actividade ata 5 puntos
- Nota media do expediente da titulación na que está matriculado/a ou nota media de acceso no caso de alumnado que inicia estudos: ata 5 puntos

A Comisión de selección está composta por:

Presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria

Secretaria: María Guadalupe Fernández Romero, xefa da Sección de Axudas e Bolsas

Vogais:

María Isabel Doval Ruiz, vicerreitora de RS, Internacionalización e Cooperación

Miguel Ángel Nombela Castaño, profesor da Facultade de Ciencias do Mar

Uxío Pérez Rodríguez, profesor da Fac. de Ciencias da Educación e do Deporte

Óscar Rubiños López, profesor da Escola de Enx. de Telecomunicación

Ana María Torrado Agrasar, profesora da Facultade de Ciencias

Jessica Alejandra Carmona Ramírez, alumna da Facultade de Química

Luis Saúl Cid Vera, alumno da Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social

Aroa Vázquez Alonso, alumna da Facultade de Filoloxía e Tradución

Rosa Graña Costas, xefa do Servizo de Axudas, Bolsas e Prezos Públicos

Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existir renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar as alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o **formulario de alegacións** na secretaría virtual dirixido a Sección de Axudas e Bolsas.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, esta enviaralle a proposta á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria, quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de tres meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.



A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, as persoas con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existir renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que comezará a contar desde o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adjudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, e producirán os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais necesarias realizaranse a través do enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas beneficiarias das bolsas deberán aceptar estas no prazo de 15 días desde a resolución de concesión mediante escrito dirixido á Sección de Axudas e Bolsas. De non o facer se lle concederá a bolsa a seguinte persoa da lista de agarda.

No caso de renuncia voluntaria deberá realizarse mediante escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (sede.uvigo.gal) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda.

8. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá presentar unha vez finalizada a actividade:

- Memoria final da actividade na que se recollan as actividades realizadas, os obxectivos acadados e as competencias adquiridas.
- Certificado de asistencia á actividade ou, de ser o caso, informe do/a profesor/a da UVIGO que acredite a participación na actividade subvencionada.
- Facturas orixinais e documentos xustificativos do pago das mesmas.

As persoas beneficiarias deben cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexa de aplicación.



9. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e de perda do dereito de cobro destas bolsas:

- Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas está obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

10. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)



ANEXO II

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA A BOLSA

Apelidos e nome:

DNI:

Detalle da actividade a realizar:

Lugar de destino:

Institución ou entidade de destino/congreso ou curso:

Data de inicio da actividade:

Data de finalización da actividade:

Duración da actividade:

Contido e obxectivos formativos da actividade:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Infórmase favorablemente a realización desta actividade por cumprir os obxectivos e contidos académicos:

SI NO

Sinatura (O/A profesor/a da titulación):

En, a de De 2021

(Sinatura BOLSEIRO/A)

